

A TOUBA DO BRIÓN



Equipo de normalización lingüística do IES VAL MIÑOR

outono 2015

revista nº 9



3°ESO A



3°ESO B



3°ESO C



4°ESO A



4°ESO B



1°BAC B



2°BAC A



2	PATRIMONIO INMATERIAL Congreso Os devanceiros
4	CLUBE DE LECTURA
5	ENTREVISTAS Samuel, electrónico Emilia, obradoiro de cerámica Carlos, profesor de inglés
12	OBRADOIRO DE RECICLAXE Invernadoiro
13	ACTIVIDADES E SAÍDAS Atapuerca 2014 Xavier Queipo Pontevedra Roteiro "A Esmorga" Celanova Proxecto "lixo mariño"
19	CONCURSOS. CELEBRACIÓNS "Ponte... nas ondas" Cabazas polo Samaín Xogos Magosto Relatos de Santos e Nadal: A Biblioteca no Día do Libro 2015 Letras Galegas 2015
26	CREACIÓNS O gran cambio Galicul Forte
28	DESPEDIDA DE 2ºBAC
29	CRÍTICA

Editorial

Aquí tedes, un número máis da Touba do Brión correspondente ao curso 2014-2015. Era a nosa intención sacala exclusivamente en formato dixital pero as circunstancias leváronnos a tomar a decisión de publicar unha edición en papel.

Quixeramos que esta revista fose mostra do quefacer do noso Equipo de Normalización, "O Brión", e de toda a nosa comunidade educativa. Desta idea xorden as diferentes seccións que articulan este número e que achegan diversos temas. Incluímos un artigo sobre o obradoiro de cerámica para axudar a conmemorar a importancia do noso concello na comunidade cerámica internacional (25 anos de rakú). Temos moitas outras ideas ás que darlles forma en próximos números. Agardamos as vosas suxestións.

Gustaríanos a participación cotiá no noso proxecto de elaboración dunha edición on-line.

Congreso sobre patrimonio

Con motivo do premio “Boas Ondas”, que recibiu o noso Equipo de Dinamización Lingüística, “O Brión”, por parte da Asociación “Ponte...nas ondas” no 2014, a organización (Nova Escola Galega), invitounos a participar no V Congreso sobre patrimonio celebrado en Ourense.

As profesoras Lurdes Arias e Teresa Grande, membros do ENL, presentaron unha ponencia na que expuxeron a súa experiencia traballando cos alumnos arredor do patrimonio dos nosos devanceiros.

A temática do V Congreso centrouse no *afiado e outras técnicas artesanais de comunidades rurais*. Neste contexto tiña sentido o traballo de investigación que se leva realizado no IES Val Miñor dende o ano 2008 arredor dos nosos antepasados e os seus oficios, investigación que tivo o seu punto de partida na elaboración e presentación do programa “O tesouro dos avós” (www.pontenasondas.org) en “Ponte...nas ondas”.

O noso patrimonio inmaterial abrangue innumerables historias que os avós e bisavós foron transmitindo ás seguintes xeracións, sobre diversos aspectos. Por outra parte, recolleemos información de primeira man sobre oficios hoxe desaparecidos, como o cesteiro de Donas, a quen invitamos ao noso instituto e a quen se lle fixo unha entrevista de gran valor etnográfico. Con el aprendemos que as vantaxes que antes se vían no plástico e que levaron a suprimir o vimbio, agora están en entredito.

O fío condutor do noso traballo premiado foi o poema “Lembranzas”, xenerosamente composto para a ocasión pola autora Carmeliña.

Grazas a ela e a todos os alumnos e profesionais que fixeron posible este traballo. e foron recollendo: xogos, supersticións, guerras, contos, lendas...



Lembranzas

*Doces lembranzas hoxe
me levan ao pasado:
a casa solariega dos avós,
as veigas escarpadas,
un alboio e un carro,
cos canizos postos
para soste a carga.
Polas noites ao pé da lareira
a avoa cantando,
debullando o millo
ás veces fiaba.
Hoxe a miña avoa
camiña sen ganas
ten cabelos brancos
e bastón de nácar;
confúndeme o nome,
chámame Tomasa
e dime que ten
un noivo por Francia.
Eu sempre suspiro
rindo as súas grazas
e cando a fatiga
ás veces me gaña
sempre penso e digo:
“Canto de ti levo
Prendido na saia!”
(Carmeliña)*



Presentamos aos avós e avoas dos normalizadores: OS OFICIOS DOS DEVANCEIROS



No Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, hai xa uns cantos anos que nos preocupamos polas árbores xenealóxicas, facendo especial interese nos oficios dos devanceiros. Este curso, unha vez máis, fixemos unha presentación con diapositivas aos compañeiros de 1º da ESO, e o noso pequeno equipo quedou moi contento por ter entrevistado aos seus avós ou avoas.

Campeño, gandeiro, zapateiro, chofer, profesor, panadeiro, repartidor, ferreiro, leiteiro, froiteiro, madeireiro, enxeñeiro, empresario..... estes son algúns dos oficios dos **bisavós** de Kevin, Marian, Emilio e Yago. As **bisavoas**, a excepción dunha panadeira, clasifícanse como amas de casa pero o certo é que andarían metidas a axudar aos seus homes e, ademais, atenderían aos fillos, á comida, aos animais, os cultivos...; xa sabemos todo o que traballan as mulleres e o pouco que se lles recoñece.

Entre os **avós** topamos algún comerciante, enxeñeiro, zapateiro, operario, perito mercantil...; entre as avoas xa aparece unha panadeira, unha operaria, unha conserveira e unha perruqueira. Todas, por suposto, traballadoras do fogar.

Este traballo de investigación ten moitísimo interese, dende o punto de vista persoal dos nosos alumnos, pois teñen a mellor idade para preguntar e falar cos seus devanceiros se aínda viven e lembran os seus tempos; dende o punto de vista da aprendizaxe colectiva coñeceremos lugares, oficios, fame, a condición social das familias... os tempos cargados de significado; a guerra civil, sempre presente; feridas que aínda non están cicatrizadas e que foron convertidas en tabú familiar pola dor que ocasionaron a quen as viviron. Consideramos saudable que bisnetos e netos coñezan o pasado, e tamén recollan o saber e habilidades das persoas que lles precederon no ámbito familiar. Moitas veces reproducense os oficios dos antergos; en ocasións, por herdanza; noutras, por costume.

É tempo de comezar a pensar no que quero ser de maior e, sen dúbida, este traballo axuda enormemente a pensar niso.



O avó de Márian, con 14 anos marchou a Cádiz a traballar de mariñeiro.



A avoa de Iago, traballou como secretaria no consulado de Venezuela.




O avó de Kevin, emigrou a Cuba con 19 anos.



A avoa de Emilio nos anos 70 emigrou a Alemaña.

Clube de lectura

Cuestión de adicción



Son un adicto. Así de claro. Podería tentar expresalo dun xeito menos directo, de agochalo con palabras máis ambiguas, pero non paga a pena. Estou enganchado.

Ao principio non me decataba da gravidade da miña adicción, mesmo pensaba que non era nada malo. Á fin e ao cabo aprendino na casa, dos meus pais, que o fan libremente e sen disimulos en canto teñen un ratiño libre.

Foi ao ir ao colexio cando empecei a sentirme incómodo, especialmente ao facelo en presenza dos meus amigos. Segundo din eles, cando o fago desconecto de tal maneira que me esquezo de todo o que me rodea. Para min que están celosos.

O mellor de todo é que eu invitoos, ánimoos a que me imiten, pero nin caso. Eles míranme coma se estivese tolo, ou coma se acabase de dicir unha barbaridade.

E mira que cada vez son máis as vantaxes que lle atopan. Que se desenvolve a imaxinación e axuda a concentrarse; que che é máis doado falar, igualiño que se se che soltase a lingua. Tamén din que te volves máis intelixente. Dende logo máis interesante sí; tes máis cousas que contar. E o que relaxa? Se ata dormes mellor.

Pero claro. Os colegas seguen a mirarme mal. Se o fixesen coma min estarían máis abertos a aceptar ideas novas.


Por sorte este ano dei cun grupo novo, auténticas almas xemelgas que comparten o meu vicio. Teñen nome e todo. Chámanse “O niño do brión”, que é un moucho grande, seica.

Por fin con eles podo sentirme cómodo, compartir material e experiencias, afondar en definitiva no que tanto pracer nos procura, ler.

Jaime



Entrevistas



Samuel, electrónico que nos ensinou a sección de montaxe de equipos electrónicos na empresa Marine Instruments

Ola Samuel, son Kevin, un alumno de cuarto da ESO que vos foi visitar hai unha semana. A nosa profesora pediuche o teu mail e gustaríanos que nos contestases a unhas breves preguntas, se che parece ben.

Como te chamas?

-Samuel Martínez González.

Onde naciches?

-En Vigo e vivín en Gondomar.

Estudaches sempre no Val Miñor?

-Si.

Canto decidiches estudar electrónica?

-Despois de facer a selectividade e suspendela.

É un ciclo medio ou superior?

-Superior; o título chámase " Técnico Superior en Desenvolvemento de Produtos electrónicos"

Paréceche que a túa formación foi boa?

-Si, moi acertada nos módulos que a compuñan.

Onde realizaches as prácticas?

-PSA Peugeot Citroën

Recomendaríasnos estudar un ciclo formativo?

-Si, pero todo depende das aspiracións de cada persoa. É unha boa forma de entrar no mercado laboral, dádoche a oportunidade de facer prácticas nunha empresa.

Que é o que máis che gusta de estudar electrónica?

-Non teño esta pregunta moi clara. Pero se a pregunta se refire ao que me gusta da

electrónica, a resposta é esta.

"Ver como o software e o hardware se unen e forman intelixencia presa e así poder demostrar o que vales".

Estiveches no paro?

-Si

Sénteste realizado co teu traballo? -Si

Traballaches nalgún outro lugar?

-PSA Peugeot Citroën

Que nos podes contar do teu traballo en MARINE INSTRUMENTS?

-Eu son coordinador dunha zona de prototipos, preseries e pequenas series.

No meu grupo de traballo programamos, testeamos, montamos, controlamos e embalamos os deseños creados polos enxeñeiros e o grupo de traballo do laboratorio, levando todo a unha fabricación en serie. A través do grupo de industrialización creamos os útiles que necesitamos para a montaxe do equipo e aplicamos as comprobacións que nos dan os enxeñeiros para un control de calidade do produto final. A forza máis grande que ten a empresa é o estupendo grupo de profesionais cualificados que posúe. O compañeirismo e o entusiasmo dos seus traballadores en mellorar todo o que producen. A procura constante da perfección coa mellora continua.

"Sentir que todos remamos no mesmo sentido".

-Moitas grazas polo voso interese.

Un saúdo

Emilia Guimaráns, mestra do obradoiro cerámico de Nigrán
Nigrán, xuño 2015

Este ano aconteceu un acto cultural de grande importancia no Val Miñor e na Mancomunidade de Vigo. O 7 de maio, no salón de actos do Concello de Nigrán, presentouse un vídeo extraordinario sobre os 25 anos de RAKÚ SEGUNDO NIGRÁN. Aquí tedes o enlace: <https://vimeo.com/127236522>



O auditorio estaba cheo e Emilia, ao lado da concelleira de Cultura daba as grazas a Edi Morgan, quen realizou o vídeo, a Jorge Pérez polas imaxes e a todos os presentes porque grazas a todos nós, os amantes da cerámica das escolas de Nigrán e Vigo, esta actividade segue existindo, vencendo todos os atrancos do discorrer municipal.

“A Touba do Brión”, revista do Equipo de Normalización lingüística do IES Val Miñor, comunicouse con EMILIA GUIMARÁNS, nacida en Vigo, mestra e especializada na docencia cerámica, coa intención de facer unha reportaxe sobre este tema.

T.B. Canto tempo levas traballando na Escola de cerámica de Nigrán?

Emilia: O obradoiro de Cerámica do concello de Nigrán comenzou a súa andadura haberá uns 30 anos da man de Miguel Vázquez (mestre de cerámica na escola de Artes e Oficios de Vigo) e Manolo Lagoa. Naquel momento a escola estaba ubicada preto do edificio do concello, en **Vilameán** e contaba con poucos medios para traballar que, co tempo, foron mellorando pois daquela non había nin sequera forno para cocer as pezas; tiñan que traer os traballos a cocer ao taller de Miguel en Vigo.

Pasados uns anos son eu quen recolle o testemuño, continuando co labor de cerámica até hoxe en día . Eu aínda traballei un par de anos no obradoiro ubicado en Vilameán, pero o espazo quedaba pequeno e entre todos falamos coa concelleira de cultura para ver a posibilidade de buscar outro lugar máis amplo. Transladámonos a unha antiga escola unitaria no lugar da **Porqueira**, contando xa cun pequeno forno de 40 x 50 x 50 cm de capacidade e dous tornos de oleiro.

Neste lugar estivemos once anos nos que foron medrando os grupos de persoas interesadas en traballar coa cerámica , mais, por razóns políticas, fomos trasladados ao espazo onde estaban as **Escolas Obradoiro de emprego** que máis tarde estarían ocupados pola policía e bombeiros.

Este novo espazo lóbrego era, entre outras cousas, moi frío e non reunía as condicións óptimas para desenvolver unha boa docencia cerámica, co que a concellaría deses momentos decidiu construír un espazo específico para a escola.

Este novo lugar reunía todas as expectativas desexadas para ter no concello un bo taller de cerámica, pero de novo, por motivos turbios e intereses políticos, o taller foi derruído con só dous anos de vida e fomos de novo trasladados á zona de **Cotros**, unha antiga escola unitaria onde estamos hoxe en día . Teño que dicir que se houbera un verdadeiro interese por parte do concello, facendo reformas, ocupando todas as instalacións coas que conta este espazo, xunto coas casiñas anexas, poderíase facer un bo proxecto de escola cerámica, un espazo definitivo. Pero este mesmo ano, de novo, a

intención dos políticos é trasladarnos a outro lugar aínda non definido. Como se fose tan fácil mover un obradoiro con todos os gastos que isto carrega ao contribuínte! Pero nesas, desgraciadamente, estamos.

T.B. :Recordas en que ano empezastes a facer Rakú? Temos entendido que era en colaboración coa escola de Vigo. Certo?

Emilia: O Raku segundo Nigrán comezou no taller da Porqueira hai máis de 25 anos, e dende os inicios colaborou Miguel Vázquez e os seus alumnos de Vigo, xa que el sempre mantivo unha estreita relación co taller de Nigrán; dende sempre nos pareceu que o Rakú era unha técnica na que podían traballar xuntas as dúas escolas, elixindo Nigrán xa que contaba cun mellor espazo para desenvolver esta actividade.



T.B: Din que é cousa da alquimia, por que saen esas pezas tan especiais e únicas?

Emilia: Rakú significa felicidade, amizade compartir, por un lado esta é a súa filosofía, pero tecnicamente é unha acción decorativa que se realiza nas pezas que preparamos dous meses antes en ambos talleres e que implica, para a súa realización, da colaboración de moitas persoas, xa que

mentres uns decoran coas diferentes modalidades que ofrece a técnica do Rakú, outros están coidando do forno e todos nos xuntamos cando saen as pezas del, incandescentes, sacadas con pinzasmentres outros enchen de serraña uns bidóns preparados para a ocasión; pasados uns 15 minutos sácanse da serraña e lávanse para ver os resultados finais .


Esta técnica ten moito de alquimia xa que os cambios fisicoquímicos que sofren os esmaltes e as pastas cerámicas son aleatorios e impredecibles, en certa medida, por iso se lle chama Rakú, a antitécnica, xa que hai que ter a mente aberta ás sorpresas, a maior parte das veces son agradables e sorprendentes.

T.B: Creo que tamén fixestes Encontros Internacionais de cerámica. Nigrán é un lugar coñecido no mundo cerámico? Poderías citar a distintos oleiros que pisaran o voso espazo, que vos aprenderan cousas?

Emilia: Fixéronse moitas actividades complementarias co labor cotián do taller, entre elas durante algúns anos, e grazas a unha boa política cultural apoiada polo concelleiro Rosendo, invitabamos ás olarías máis importantes de Galiza para que fixesen demostracións; entre elas estiveron as olarías de Gundivos, Niñodaguaia, Meder, Bonxe ...Invitamos a artistas relacionados coas artes plásticas e visuais, tales como: Elena Colmeiro, Fernando Casas, Antonio Sarmiento, Miguel Vázquez.... Durante sete anos fixemos tamén Xornadas Audiovisuais sobre diferentes expresións artísticas, programadas unha vez ao mes xerando así debate e intercambios de opinións... pero digamos que cos Encontros Internacionais de Cerámica demos a coñecer á escola a un nivel máis internacional. Puidemos realizar só tres, debido, coma sempre, a problemas económicos e políticos, pero resultaron de gran transcendencia e a reposta

foi sorprendente; conseguimos que máis de 100 persoas participaran durante unha semana, traballando xuntas en diferentes talleres.

O primeiro foi “ Japón cerca de ti “ contando con 6 mestres xaponeses que impartiron talleres sobre : o mobiliario urbano cerámico, Coccións experimentais... O segundo foi ” Namaste India” , nesta ocasión oito mestres hindús achegáronse ata Nigrán para realizar talleres como : a arquitectura na cerámica, o torno creativo, como tocar a táboa hindú, fundición en bronce primitiva, taller de marionetas... O terceiro e último foi “ Periferias “ cos seguintes talleres : Arte Urbano, Bioconstrución, Obtención de moldes, Porcelana, Performas, Azulexaría portuguesa.



T.B: A comunicación cos políticos, dende as áreas de cultura foron doadas? Cres que os políticos se percataron da repercusión cultural da cerámica en Nigrán? Apostaron por esta actividade?

Emilia: Sobre a comunicación cos políticos contestaríache: “ sen comentarios”, só en escasas ocasións houbo un interese real por un proxecto serio de crear unha boa escola de cerámica, a miña impresión é que sempre supuxo loitar contra muíños de vento , o cal é moi agotador, pois despois de traballar tantos anos poñendo tanta carne no asador e intentando consolidar a escola para que siga crescendo , a realidade é que é unha escola errante , o que implica o desinterese total dos políticos.

T.B: Lembras que condicións laborais tiñas coa primeira cooperación que che contratou? E agora, en que condicións estás? Podes vivir deste quefacer?

Emilia: Das condiciones laborais mellor non falar xa que nestes momentos o soldo é de risa así como as condicións de traballo; desto non se pode vivir e continúaase por puro amor ao arte.

T.B: Que condicións ten que reunir un espazo para ser obradoiro de cerámica? Existe algún lugar no concello -segundo o voso coñecemento- para tal fin?

Emilia: Para ter un bo obradoiro de cerámica o primeiro é ter un bo espazo, amplo e con luz. onde as persoas poidan traballar con comodidade (por suposto con calefacción e auga quente) e poder desenvolver todas as actividades , tales como o traballo manual , torno , pintado ou esmaltado, reciclaxe de barros, aseos, biblioteca , espazo para facer serigrafía , moldes

T.B: Queres contarnos algo máis?

Emilia: Para min foi un luxo traballar e coñecer a todas e cada unha das persoas que teñen pasado polo taller, grazas ao seu interese e entusiasmo, mantéñeno vivo, sen importarles padecer todos os inconvenientes antes apuntados. Moita xente traballou estes últimos anos sen calefacción , entre outras cousas, pero aínda así non faltaron nin un só día, polo que enxalza aínda máis a súa paixón polo coñecemento e a miña admiración cara a eles.

Carlos, profesor de inglés que se xubila este curso



Carlos, o profesor de inglés, déixanos este curso. Fixémoslle unha entrevista para saber un pouco máis acerca da súa persoa e emocionounos. Encantounos a facilidade que ten para contar as súas vivencias. Habitou en múltiples lugares da xeografía.

Kevin- Ola Carlos, de onde es?

Carlos: De Zamora

Onde viviches?

Vivín en moitos sitios. En Zamora, en Salamanca (estudando) en Mallorca, Suíza e Menorca (os verá, traballando), en París (2 anos), en Vigo (a maior parte do tempo), Gondomar, Manzaneda (Ourense un destino de dous anos) e agora, durante a semana, vivo en Salvaterra de luns a venres, xa que a miña muller traballa nas Neves.

Cal é a mellor lección ao longo de todos os teus estudos?

Eu teño sido moi mal estudante, pero os cinco anos da universidade foron os mellores. Realmente é cando aprendes; fas bos amigos que manterás, xeralmente, ao longo da vida. É a etapa na que máis te desenvolves como persoa.

A que idade te independizaches dos teus pais?

Aos 16 anos marchei da casa. O meu pai era un maltratador; pegaba á miña nai e pegábanos a nós. Fun traballar de camareiro a Mallorca, Menorca...cada ano ía a un sitio; co que gañaba, pagaba a carreira. Meu pai era un déspota. Estou falando da época de Franco. O maltrato era algo normal para el. Quizais o día máis feliz da miña vida foi o día que marchei da casa; vaia, tamén, o día que coñecín á miña muller, porque se non... Xamais tiven un xoguete e pasei fame.

Cal era o teu xogo favorito?

Ao non ter xoguetes... tiña que pensar como pasalo ben xogando. Eramos un pouco gamberretes, tirámonos pedras, era o que se chamaba "cantea". Iamos coller uvas dos tractores; comer, era o que máis me preocupaba...

Profesor, por que?

Nunca o pensara. Con 16 anos tiña que traballar para vivir; para estudar, tiven que ir pagando os estudos co que gañaba. Os meus amigos matriculáronse en Filoloxía Inglesa; eu fun detrás. Fonética, fonoloxía, a meirande parte dos profes fan que che guste a carreira... Non foi nada pensado, pero gustoume; quizais tamén me tería gustado ser, eu que sei, ciclista... pero gustoume o que fixen.

Agora, no mundo do instituto, coñeces aos teus alumnos?

Creo que si. Para min é o mellor da profesión. Intento contactar con eles. Ensino "mundoloxía". Gozo. O que máis me gusta deles é a inocencia. Non existe a maldade. O rapaz que se porta mal é unha mala inocencia.

Ser titor é distinto que ser profesor?

Sendo profesor fas o labor de pai e como titor, máis. Entendo aos pais e inculco premisas, ideas que hai que seguir.

Cal é a maior satisfacción do teu traballo?

Gozo moito cos “chavales”. O que máis me gusta é falar e estar con eles.

Que cambiarías do sistema educativo español?

É moi complexo. A bote pronto, a educación pública adoce de moitas cousas. Está abandonada. Se a comparas coa privada. Pero eu prefiro a pública. Atópaste con todo tipo de alumnos. Cambiaría aspectos económicos, sociais...Necesita máis fondos o ensino público e o tema social tamén máis atención.

Actualizaste cada ano?

A lingua está escrita e vai variando cada século. Poste ao día nalgúns aspectos. Sempre intentas que a clase sexa entretida, agora cos medios


tecnolóxicos. O que non saiba Inglés e informática teno difícil, son moi necesarias no mundo actual. O ideal é que co inglés que aprendes no instituto viaxes a Gran Bretaña ou EE.UU. Lanzarte, viaxar e falar inglés, ir só sen compañeiro español, estudalo e practicalo fóra.

Como puntúas?

O que mais avalío é o traballo. Se un alumno traballa e se preocupa non o deixo colgado. Porque se esforza. Se vexo que fai o parvo e que non hai xeito de convencelo para que estude, entón... non hai nada que facer; normalmente o axudo.

Nótalos motivados?

Hai de todo. Ti tes que intentalo, pero ás veces veñen desmotivados: hai problemas na casa: separacións, tema económico, poucos medios, alumnos abandonados. Hoxe en día traballa a nai e o pai, estou de acordo en que traballen pero o “chaval” fai da súa capa un saio, ás veces o alumno non come ben, está só...



É útil aprender inglés?

Por suposto. Todos os idiomas son bos. Non hai idioma mellor nin peor ca outro. Se dis que un é mellor ca outro estás sendo racista. O inglés non é peor nin mellor ca o galego. A lingua fai a un pobo, á xente. O inglés é moi fácil porque o aprendín ata eu. Non é porque domine, por EE.UU.... senon porque é moi sinxelo. A gramática é sinxelísima. Vas a Suecia e ate o que vende os periódicos fálache en inglés. No século XXI sen inglés e sen informática a vida vai ser difícil.

Os teus alumnos aprenden de tí? Ti aprendes dos teus alumnos?

Notas as idades. Os de 1º son mais infantís. Os de 2º Bac xa maduraron. Quizais aprendo máis das rapazas, son máis tranquilas, máis listas; escoitan máis e sempre, normalmente ,teñen razón. Os rapaces son mais bla, bla, bla.... Non quere dicir que maduren antes, nin que non haxa etapas. A certas idades nivélanse, máis “quisquillas”, máis inquietos, lavativas, máis miñocas.

Xubilaste anticipadamente?

Xubilome á idade que me permiten. 60 anos cumpridos. 36 anos dando clase. 30 anos neste instituto. Os teus pais non eran nin noivos, case. Teño moitos alumnos... aos que xa lles dei clase aos seus pais... aínda non aos avós.... en xeral non tiven problemas.

Nos últimos tempos, nos últimos 8 anos, seguen sendo o mesmo tipo de alumnos?

Hai diferenza. A nivel físico segue sendo o mesmo, a nivel intelectual, non tanto; pero hai máis dependencias: do móbil, por exemplo. Non teñen tempo a pensar, a aburrirse. A min gústame aburrirme porque teño tempo para pensar. Procuo non crearme necesidades. É marabilloso aburrirse, tes tempo para pensar. Eu agora estou facéndome vello. Os rapaces antes eran máis nobres. Antes necesitabas menos tempo para que te respectasen. Agora é mais complicado. Así foi evolucionando a vida

Que vas facer agora?

Levantarme para deitarme outra vez. Xubilación , vén de xúbilo, alegría, iso quere dicir. Levar vida moi moi tranquila, aínda máis da que levo dende hai anos; vou intentar ler que leo pouco, vou intentar facer deporte suave, polas mañás ir coa bici por aí e ler, non en plan talibán, dedicarlle máis tempo á miña muller, porque a miña muller ten que seguir traballando, sempre lle dediquei tempo pero agora máis, vou facerlle o almorzo, facerlle a comidiña, polas tardes iremos dar un paseíño. Vou descansar a cabeza, non tes a mesma forza ca aos 25, como esta xente que chega con novas ínfulas.

Agora fágoche eu unha pregunta, Kevin: Maduraches estes anos? Creo que si, eh, Carlos.

Entrevista traducida ao galego pola Touba do Brión



Carlos rodeado dalgúns dos seus colegas no curso 1987-1988

Obradoiro de reciclaxe: invernadoiro



Como sabedes, o curso pasado no obradoiro de reciclaxe, fixemos un invernadoiro. Este curso, os alumnos do Obradoiro de Iniciativas Emprendoras de 4º da ESO plantamos leitugas, tomates, ceboliña, acelgas, remolacha, rabaniños e un montón de plantas medicinais. Tamén fixemos unhas fichas para informar dos beneficios destes cultivos.

Despois de moito traballo no invernadoiro e grazas aos labores de rego de Charo e Carmen, conseguimos estas bonitas pezas de leituga, rabaniños e acelgas que vendimos á vontade para todos os que as quixeron probar. Tamén temos ceboliñas e moitas plantas medicinais que pasaron o verán.



CORTINAS DA SECRETARÍA

Durante o curso no Obradoiro de reciclaxe fixéronse as cortinas do despacho da secretaria utilizando os cus das botellas de plástico que se tiñan utilizado para a construción do invernadoiro.

Tamén, entre outras cousas tapizouse e restaurou unha cadeira moi deteriorada

Actividades e saídas

Atapuerca 2014 por Lúa Álvarez Domínguez 2ºBACH

A madrugada do tres de decembro, un grupo de alumn@s do IES, xunto coas profes de bioloxía e xeoloxía Liliana e Blanca, emprendemos rumbo ao leste. O noso destino? Burgos. O noso propósito? Aproveitar todo o que aquela cidade e os seus arredores albergaban.

O primeiro día fixemos unha xincana polo centro; atrincheirados baixo múltiples capas de roupa e armados con gorros, luvas e bufandas, percorremos as rúas, prazas e caellas da cidade castelá en pequenos grupos, pescudando e fotografando. Logo gozamos dunhas horiñas libres para seguir explorando Burgos ata chegado o luscofusco, cando marchamos descansar as vivencias ao hotel.

Ao día seguinte, catro de decembro, madrugamos, almorzamos e reunímonos co frío invernal que agardaba por nós tras das xanelas. Fomos en autobús ata o MEH (Museo da Evolución Humana) e dende alí aos xacementos de Atapuerca, declarados Patrimonio da humanidade pola UNESCO. A Sima do Elefante, a Galería, a Gran Dolina... Aqueles que puidemos observar e outros non abertos ao público, como a Sima dos Ósos, son verdadeiras máquinas do tempo, portas ao pasado que permiten avanzar no estudo da nosa evolución. De alí marchamos ao Parque arqueolóxico de Atapuerca, un centro de interpretación no cal puidemos recrear o estilo de vida dos nosos antepasados máis afastados, os prehistóricos.

Pola tarde, de novo na cidade, visitamos o MEH, onde atopamos multitude de fósiles achados nas escavacións que pola mañá visitáramos; entre eles os soados Elvis, a pelve, o cranio de

Miguelón e a misteriosa biface Excalibur.


O día cinco, triste pero certo, remataba a nosa andaina. No entanto, aínda quedaba todo un día por diante. Despedímonos cedo de Burgos e puxemos dirección León. Nos arredores da mesma desvíamonos cara a Valporquero; a medida que o bus subía por unha estrada do sur da Cordilleira Cantábrica, convertémonos en testemuñas dunha fermosa paisaxe que se erixía a ambos lados dos vidros e, abraiados, deleitámonos coa primeira sorpresa que as alturas no

s reservaran: estaba nevando! Pouco despois internámonos no segundo agasallo natural daquela mañá de decembro: a Cova de Valporquero; avanzamos polas salas da gruta baixo a ollada pétrea de milleiros de estalactitas, estalagmitas e columnas. Estabamos ante un auténtico tesouro xeolóxico!

Comemos no centro de León e, tras unhas cantas horas de traxecto, atopabámonos no punto de partida daquela curta á par que intensa e interesante viaxe. Moitas grazas por tela feito posible!



Xabier Queipo visita o IES Val Miñor



O xoves 26 de marzo, os alumnos de 3º e 4º da ESO, tiveron a oportunidade de coñecer e escoitar ao escritor galego Xabier Queipo. Aproveitando unha das súas estancias en Galicia (o autor reside e

traballa en Bruxelas dende 1989) Xabier achegouse ao noso centro para falarnos da súa tarefa como escritor.

Licenciado en Bioloxía, Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, ten colaborado en publicacións colectivas: no portal web *Vieiros*, na *Revista das Letras*, no semanario *A nosa Terra*, na revista *Grial* e mantivo unha columna de opinión semanal no programa de Radio Galega *Diario Cultural*.

A súa primeira novela *Ártico e outros mares* (1990), levou o “Premio da Crítica española”. Outorgóuselle, tamén, o “Premio Xerais” de novela en 2011 con *Extramunde*. Ten, ademais, outros premios tanto pola súa creación como polo seu labor de tradutor:

Premio García Barros por *O paso do noroeste* (1996); Premio Café Dublín por *O ladrón de esperma* (1999); Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro traducido por *Ulises*, de James Joyce en 2013 (tradución con tres premios máis)



Falante plurilingüe, escolleu o galego para a escrita porque é a súa lingua. Ten traballado, ademais o xénero da poesía (*Nos dominios de Leviatán*, *Glosarios*, *Pegadas*), da narrativa infantil e xuvenil (*O espello e o dragón*, *Saladina*, *A illa dos cangrexos violinistas*) e do ensaio (*Olladas oceánicas na arte contemporánea*, *Caderno da Revolución Cultural*) Dando resposta ás preguntas: que?, cando?, como?, onde?, por que?, para que?, para quen? Xabier Queipo foi contando como nace a súa obra.

A súa última novela *55* (2014) escribiuna para celebrar o seu 55 aniversario. Contén 55 relatos nos que deixa sentir a pegada do mar e dos océanos, o abraio diante da natureza, as viaxes e as aprendizaxes, as experiencias e soños dunha vida. Trátase dun mosaico de historias entre a realidade e a ficción no que recolle os momentos dende que comezou a súa andaina como escritor.



Saída dinamizadora do alumnado de 1ºESO a Pontevedra



Con motivo do XVI Salón do Libro en Pontevedra os alumnos de 1ºESO do IES Val Miñor visitaron a cidade o venres 27 de marzo, nunha actividade organizada polo Equipo de Dinamización Lingüística “O Brión”.

Primeiro coñeceron aqueles lugares relacionados coa vida e a obra dun dos maiores artistas da cultura galega: Castelao. Tamén souberon algo

máis sobre a historia de Pontevedra a través da pegada que quedou en vivendas, cruceiros, prazas, fontes e rúas.

Contemplaron parte da obra gráfica de Castelao exposta no novo edificio do Museo Provincial, situado tras igrexa de San Bartolomé, con vinte e tres salas de exposición permanente, nas que se pode atopar a evolución da arte galega dende o gótico ata a actualidade.

Na sala adicada á obra de Castelao puideron observar debuxos deste autor, correspondentes ás súas series de cegos, de negros, da guerra ou, mesmo, as máscaras que el mesmo elaborou para a obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse*.

Visita Ourense: roteiro “A Esmorga”, 4º ESO

O pasado 13 de Abril alumnos e alumnas de cuarto da ESO e primeiro de Bacharelato visitamos Ourense para facer o roteiro da Esmorga, alí fixemos o mesmo percorrido ca os protagonistas da novela de Eduardo Blanco Amor, coa axuda dun guía que nos demostrou ter un gran coñecemento sobre ela. Este roteiro contén o esquema espacial no que se indican os



cuarto da ESO e primeiro de Bacharelato visitamos Ourense para facer o roteiro da Esmorga, alí fixemos o mesmo percorrido ca os

protagonistas da novela de Eduardo Blanco Amor, coa axuda dun guía que nos demostrou ter un gran coñecemento sobre ela. Este roteiro contén o esquema espacial no que se indican os

lugares concretos da cidade nos que se sitúan os



capítulos da novela. Contabamos coa axuda dun mapa da cidade no que estaban sinalados os puntos xeográficos do percorrido dos tres esmorgantes pola rúa de Auria (Ourense) nos cales se colocaron placas con citas alusivas a cada un destes lugares.

Á hora de comer aproveitando a viaxe a esta cidade, pasámonos polas pozas da Chavasqueira, nas que nos demos un relaxante baño nas augas termais, quedámonos novos!

Pola tarde para rematar coa excursión fixemos unha visita á casa de Otero Pedrayo, onde puidemos onservar dende o despacho onde escribía ata a súa cociña.

A verdade é que foi un día moi completo!



Celanova 2015. 3ºESO

O día 8 de maio de 2015 os alumnos de 3º ESO fomos de excursión a Celanova, en Ourense, acompañados das profesoras de galego do instituto, Carme e Teresa, e mais o profesor de Ciencias Sociais, Moncho.

A primeira parte da excursión consistiu na visita da antiga casa do poeta Curros Enríquez, agora convertida en museo sobre a súa vida e obra. Unha vez alí, a nosa guía, Paula, acompañounos nun percorrido pola vivenda e, deseguido, púxonos un documental no que aparecía falando sobre Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro. Ao rematar a visita dirixímonos ao mosteiro de San Rosendo onde puidemos contemplar o seu claustro e a beleza da capela de San Miguel, de estilo mozárabe, construída probablemente cara o ano 936.

Máis tarde asistimos a un pequeno concerto de órgano na igrexa do mosteiro; ensináronnos as partes e os distintos sons que saen deste asombroso instrumento. Foi moi interesante! Sobre as dúas e media fixemos unha pequena parada para xantar algo na praza da vila, cada un ao seu aire. Ás tres e media reunímonos na estatua de Celso Emilio Ferreiro; alí fotografámonos en grupo e fixemos algún “selfie”.



Tras a hora de xantar deu comezo a lectura de poemas polos alumnos, realizada en diferentes lugares de Celanova. En primeiro lugar, sentámonos todos na praza principal e, acompañados pola música da guitarra de Susana Villa, leron os primeiros poemas Pedro Chamorro, Miguel Veiro e Iago Ameneiros.

A continuación subimos a coñecer a enorme fermosa biblioteca do IES da vila.

Alí retomamos a lectura dos poemas, esta vez lidos por Paula Pinto, Anny Alves, Amaia Kjaersgaard, Antía Cuadrado e Eugenio Pose. Tamén se animaron a ler os nosos profesores. Despois acabamos co texto que leu Lili Lago diante da taberna do galo: un fragmento da obra en prosa de Celso Emilio Ferreiro que leva o mesmo nome.



Continuamos a excursión saíndo xa de Celanova e dirixíndonos a Vilanova dos Infantes, onde Paula Dagraza e Abraham Barros foron gravados lendo un anaco da obra *A Virxe do Cristal* de Curros Enríquez.



Esta gravación formará parte dun vídeo conmemorativo que se realizará en homenaxe ao párroco de Vilanova, don Adolfo, tristemente desaparecido este ano. Nel colaborarán tamén os alumnos doutros centros que visitaron o lugar.

Acabamos o día nas pozas termais da cidade de Ourense, na Chavasqueira, onde só os máis valentes, a pesar do mal día, metéronse nas súas augas.



Foi unha excursión moi interesante, amena e divertida!!

Antía Cuadrado e Paula Dagraza
3ºESO



Viaxe ao norte de Galicia e Asturias

O 17, 18 e 19 de xuño, 27 alumnos de Historia e Cultura das Relixións de 1º e 2º da ESO, acompañados polo seu profesor, Andrés, foron visitar distintos lugares de interese xeolóxico, histórico, artístico e tecnolóxico, entre os que se encontran: a praia das catedrais, as covas con pinturas rupestres de Ribadesella, o Museo do Jurásico e o Santuario de Covadonga.



Proxecto lixo mariño



O lixo mariño representa unha ameaza crecente ao medio ambiente mariño e costeiro. O IES Val Miño desenvolve cada ano actividades dirixidas aos alumnos de ESO dentro do Proxecto Lixo Mariño. **Actividades** na clase, **saída á praia** con catorce grupos de traballo e **mostraxe** do que alí atoparon. Todos os grupos desenvolven as súas **ideas e conclusións** sobre distintos aspectos da contaminación dos océanos por lixo e analizan o impacto da contaminación por este tipo de restos na vida salvaxe e os ecosistemas, na saúde e na

economía. Por último, os alumnos de 2º ESO prepararon unha **exposición** cos seus traballos.



“A historia da botella”

por Irene, Selamawit, David e Manuel de 2ºESO

A miña historia comezou un día moi cálido, cando un neno me botou ao mar... Había moita ondada e eu non sabía nadar... de repente atopeime cun golfiño. Empecei a desprazarme para que el non morrera afogado ou me tragara. Cheguei a unha illa onde había un home barbudo, el colleume e bebeu a pouca cervexa que me quedaba, botoume ao mar outra vez e seguí a miña viaxe. Naveguei mar adentro ata que atopei unha illa chea de lixo. Alguén berrou: SOCORRO, SOCORRO!! Era unha bolsa. Axudeina a saír. Cando saíu, presentouse: “Chámome Juana e quedei varada aquí hai tres días”. Logo, os dous fomos flotando polo mar intentando que non nos levara a corrente daquela illa tan grande de lixo. Despois de seis longos días, chegamos a unha praia cunhas dunas. Era unha praia enorme e fermosa, quizais un pouco sucia. Quedamos

varados no medio da praia. Pola noite, a miña amiga a bolsa voou, intentei parala pero foi imposible, non podía desprazarme. Pasaron os días e as ondas levábanme ata as dunas. Cando cheguei alí, as aves, os insectos e demais animais, uliscábanme e mordíanme. Levanteime e víñ que a praia estaba noxenta, con cabichas, plásticos, excrementos que me rodeaban. Ata que un día nubrado, uns rapaces atopáronme e metéronme nunha bolsa amarela. Había moito lixo nesa bolsa. A verdade é que a xente é moi descoidada. Despois os nenos deixáronme con máis bolsas, e colleume un camión do lixo, que me levou a unha máquina de reciclaxe. Ás veces penso que se aquel neno non me botara ao mar, acabaría antes na reciclaxe e non houbera contaminado.

Concursos e premios

Ponte ... nas ondas



Teresa, Carmeliña (autora do poema), Lurdes e Tito foron recoller ao principio de curso o premio que recibiu o noso Equipo de Normalización de PNO.



Samaín 2014

Os días 27 ao 30 de outubro, os alumnos de ESO e Bacharelato, contribuíron coas súas cabazas talladas, á exposición que permaneceu durante toda a semana. A participación foi numerosa e os traballos presentados superaron a calidade doutros anos. A finalidade desta mostra é lembrar a antiga festividade celta na que se abrían as

portas entre este mundo e o alén. O Samaín era o momento no que as ánimas dos mortos retornaban ás súas casas para visitar os familiares aínda vivos. Buscaban alimento e quecer co lume da lareira, polo que era costume deixar o lume aceso nesta noite.

Este ano as cabazas premiadas foron as seguintes:

1º premio: "Solleiro" de Ángela Alonso (4ºESO B) polo labor de deseño e a orixinalidade



2º premio: "Maléfica" de Gisela Folgar (1º ESO B) polo esmerado tallado e a elegante interpretación da tradición



3º premio: "Entre ferros" de LiLia Lago (3ºESO A) e Antía Cuadrado (3º ESO B) pola temática social de actualidade



Magosto e xogos populares 2014

" Polo San Martiño, trompos ao camiño, polo santo Amaro, trompos ao faiado e pola santa Olaia, trompos á borralla"

O venres 7 de novembro celebrouse no IES Val Miñor unha xornada de magosto que se aproveitou para levar a cabo varios xogos populares nos que puideron participar tanto alumnos da ESO como de Bacharelato.



Colocáronse postos de comida, bebida e castañas asadas organizados por alumnos de 4º ESO.

Desenvolvéronse xogos como: a ra, a chave, os trompos, pelexas de galos, carreiras de sacos, trespés e zancos, as tabas e, finalmente, celebrouse unha competición interclases ao sogatira.

Os xogos tiveron cadanseus monitores, alumnos e profesores, que se ocuparon da súa organización.

Entregáronse diplomas e premios aos gañadores



en cada modalidade.

A exitosa participación permitiunos gozar dunha



lúdica e desenfadada xornada.



Concurso de relatos “DE SANTOS E NADAL”

“CONTOS DO BRIÓN”

O equipo de Normalización lingüística decidiu conceder os seguintes premios:

PREMIO de 1º e 2º da ESO para un relato feito con imaxinación que nos leva da man por un percorrido de ficción ben construído ata un final que atrapa.

O portal ao inframundo por Rubén Camesella, 2º ESO B



Había unha vez un neno de doce anos chamado Isaac, ao que lle gustaba moito nadar.

Un día, mentres nadaba polo mar,

atopou algo parecido a un arco de pedra cuxo interior brillaba moito. Achegouse a el, meteu a cabeza dentro e mirou... Había mortos vivintes, demos, dragóns e a súa tía Gladis, quen morrera había moitos anos! Aquel era un portal ao Inframundo! Isaac intentou saír de alí pero un dos mortos vivintes agarrouno dun pé e non o deixaba marchar. O morto tirou del e meteuno dentro do portal. De súpeto, este pechouse facendo un gran estrondo. Isaac quedara atrapado no Inframundo!

Os mortos vivintes querían comerlle a carne e o cerebro, correu xunto á súa tía Gladis e pediulle que o salvara dos mortos; ela aceptou e abriulle a porta da súa casa. Entraron a toda présa e pechárona con chave. A súa casa estaba feita de lava solidificada que formaba catro paredes e un tellado con forma de pico; dentro, só había unha cama e uns cantos frasquiños cheos de substancias dunhas cores moi vivas.

Isaac estaba moi contento de ver á súa tía; preguntoulle por que estaba no inferno se nunca fixera nada malo. Ela contestoulle que aquel non era o inferno, era o inframundo; díxolle que todas

as almas da xente que morría ían para alí e que, ás veces, tamén ían os corpos; daquela era cando se formaban os mortos vivintes. Tamén lle contou que existía outra porta á terra, que se atopaba no castelo da morte e que esa era a súa única saída.

Gladis preparoulle unha mochila feita con pel de dragón onde meteu: unha manta para durmir quentiño, unha espada para defenderse dos mortos, un mapa do inframundo para poder atopar o castelo da morte e uns frasquiños cunhas beberaxes que, segundo ela, curaban as queimaduras e as feridas.

Con todo o que a súa tía lle dera xa estaba preparado para ir na procura do portal que o levaría de novo á súa casa. Abriu a porta con coidado e brandindo a súa nova espada, sacou a cabeza para ver se había algún morto vivinte. Por sorte, non había ningún. Isaac despediuse da súa tía e emprendeu a súa viaxe.

O rapaz viu que no mapa poñía que para chegar ao castelo da morte facía falta atravesar un frondoso bosque. Entrou nel e camiñou durante horas. Comezaba a escurecer, así que buscou un lugar onde os mortos non o atopasen. Encontrou unha pequena cova, entrou nela; sacou a manta que lle dera Gladis, tapouse con ela e dispúxose a durmir. Custáballe moito conciliar o sono, así que se puxo a trazar o roteiro para poder chegar ao castelo da maneira

máis rápida e fácil posible.

Á mañá seguinte, Isaac xa estaba máis descansado, a pesar de ter durmido tan só catro horas. Gardou a manta na mochila, colleu a súa espada e o seu mapa, e volveu ao camiño. Atravesou ríos, montes e montañas, ata que chegou ao castelo da morte. Era unha construción enorme de estilo barroco con gárgolas e cranios nas varandas; estaba rodeado dun foxo de lava, do que saían muxicas; unha delas alcanzou a Isaac queimándolle unha perna. Entón o mozo aplicou o xarope que lle dera a súa tía e así como o fixo, a dor e a queimadura desapareceron. Tratábase dunha pomada máxica! Rodeou o castelo ata atopar unha ponte que o levase á porta principal. Atopou a porta, pero esta estaba pechada. Decidiu, daquela, poñerse a escalar polo muro para conseguir acadar unha fiestra e entrar por

ela. Unha vez no interior quedou impresionado pola estancia, sorprendía máis ca o exterior: estaba cheo de cadros que representaban as caras das persoas que a morte arrebatara da terra. Camiñou polo corredor abrindo as portas dos cuartos para ver se atopaba o portal de saída, mirando fronte a fronte cada un dos retratos. Ata que... nun dos cadros aparecía a súa cara!

Foi cando se decatou de que el xa estaba morto. Agora formaba parte daquel mundo cheo de dor e sufrimento.



PREMIO de 3º e 4º da ESO pola recuperación que supón do patrimonio oral; é unha historia que se transmitiu de xeración en xeración.

O dedo e o anel por Violeta González Pérez, 4º ESO B



Hai moitas historias que pasan de xeración en xeración, como esta que vou contar. A primeira vez que a escoitei do meu pai, debía ser eu unha meniña, e aínda así quedoume gravada nalgún recuncho escuro da mente, agardando a ser recordada; foi unha historia que sempre me acompañou. Meu pai, á súa vez, escoitáraa de neno; contárala o seu avó nunha desas frías noites do inverno ourensán, cando toda a familia se agrupaba ao carón da lareira escoitando ao narrador relatar os

tenebrosos acontecementos; o medo cinguía a cada un dos presentes, abrindo a súa voraz boca dende as escuridades máis inescrutables; os corazóns nun puño agardaban inquedaos ao tráxico final.

A historia era así:

Vivía en Ourense unha familia labrega moi pobre que só posuía unha pequena parcela para cultivar e unha casoupa mal feita e húmida. Para maior desgraza, pasaran un par de malos anos para as colleitas: asolagamentos, secas, tormentas... Chegara o inverno e á familia non lle quedaban cartos, nin comida, nin leña coa que se quentar na súa miserable vivenda...

(O relato completo atoparédolo na páxina web do IES Val Miñor, en Normalización Lingüística)

Concédeselle un **ACCÉSIT** a un relato que consegue manter a intriga e o suspense ata o final:

Azul ceo, de Antía Cuadrado Grande, 3º ESO B

PREMIO de BACHARELATO para un relato que achega emoción e coñecementos de carácter filosófico, xeográfico ou histórico.

“Panta Rei” Heráclito de Éfeso por Lúa Álvarez Domínguez, 2ºBAC A



A chuvia esvaraba nos vidros e Eire, inmersa nos seus pensamentos, paseaba a ollada perdida polas árbores que semellaban danzar ao ritmo da treboada.

- En que pensas? -rompeu o silencio súa nai, virando un chisco a cabeza, para mirala de esguello co seu sorriso familiar.

- En nada -respondeu devolvéndolle o sorriso, pois de certo non sabía en que

estaba a cavilar concretamente.

- Que tal foi a festa?- inquiriu seu pai, baixando un pouco o volume da radio para poder escoitar ben a súa filla.

- A verdade é que xenial! O mellor xeito de darlle a benvinda aos dezanove! Viñeron todos agás Xela, que tiña cea familiar e Brinco, que mañá cedo ten un torneo de tenis.- Seus pais escoitábana contaxiándose do entusiasmo co que contaba cada detalle da celebración. Fóra, a lúa cubríase do frío entre as nubes grisáceas.

Unha vez rematado o relato das súas andainas nocturnas, Eire centrou a atención na música

(O relato completo, na páxina web do IES Val Miñor, en Normalización Lingüística)

Concédeselle un **ACCÉSIT** a unha historia realista e sentimental, cun enfoque optimista da morte:

Lazos vermellos de EVA MÉNDEZ SANTOS, 2º BAC B

acompañada co continuo repenir do trebón nas ventás, pechou as pálpebras e non tardou en quedar durmida.

Acordou sobresaltada polo impulso brusco do cinto no peito. A estrada encharcada, a curva pechada, os xiros de buxaina do coche, o gris metálico do quitamedos... Ante os seus ollos atónitos as imaxes superpúñanse a unha velocidade vertixinosa e en milésimas de segundo deron lugar a unha absoluta escuridade.

Lentamente abriu os ollos, pestanexou e, cando as súas pupilas se acostumaron á tenue luz que a rodeaba, desexou volver á escuridade na que quedara sumida nos minutos previos ... Non sabía de certo canto tempo fora, pero sentía que constituíra un interludio reconfortante entre aquelas escenas atroces. Pechou os ollos instintivamente mais, na restaurada escuridade, retornaron a curva pechada, o asfalto mollado e o son seco dos pneumáticos, converténdose na súa propia treboada. De súpeto abriu os ollos e descubriuse fóra daquel coche; apartou a saba tremendo e premeu o interruptor da luz. Enxugou as bágoas e ergueuse, xa había dous meses daquela traxedia pero cada noite voltaba con forza, convertida en pesadelo....

A biblioteca no día do libro



Durante a semana do 23 de abril alumnos e profesores do IES Val Miñor reuníronse na biblioteca do centro, no tempo dos recreos, para dar lugar a diversas lecturas de textos, previamente seleccionados, coa finalidade de compartilos cos asistentes.




Un xeito atractivo de coñecermos a literatura universal e os gustos dos lectores. Foi unha iniciativa positiva, coordinada por membros do Club de Lectura, do Equipo de Dinamización Lingüística e polos encargados da biblioteca; conseguiu acadar un bo número de participantes. Dado o éxito, esta iniciativa levouse a cabo de novo durante a semana da celebración das **LETRAS GALEGAS**.



Letras galegas 2015

Este ano, o acto de celebración das Letras Galegas foi presentado polas alumnas de 2º ESO Myka Ramírez, Rebeca Pérez e Sabrina Rodríguez. Elas foron dando paso ás diferentes actuacións destinadas a alumnos da ESO que se sucederon durante dúas horas da mañá; deleitáronnos, ademais, con algunha das súas interpretacións.



Despois dun breve vídeo informativo sobre a figura do homenaxeado este ano, Filgueira Valverde, houbo música: Myka interpretou “Matriarcas” de Guadi Galego, o grupo de 1º ESO



A, cantou “Tempestades de sal” de Sés, Diego e Eneas de 2º ESO interpretaron unha peza ao piano, Sara Méndez, Eva Méndez e Zaira agasalláronnos co son da gaita e da pandeireta; Damián, Gabriel Lamothe, Eva Méndez e Irene Chamorro acompañaron lecturas cos acordes da guitarra. Tamén houbo representacións teatrais: Lúa Álvarez, María Barreiro e Inés interpretaron “Instrucións para aprender galego” de Sechu Sende; Gabriel Lamothe e Lara Lago, “Desviación de chamada”, de Fran Alonso; lecturas de poemas: Aroa e Anne, 2º ESO, “Negra sombra” de Rosalía de Castro; Rebeca e Sabrina, 2º ESO, “A negra terra” de Manuel Rivas; Violeta, 4º ESO, “Estou contigo” de Sechu Sende; Antía Cuadrado e Paula Dagraza, 3º ESO, “Sentir” de Sechu Sende. Proxectouse, tamén, unha presentación sobre os traballos feitos por alumnos de 4º ESO: “A palabra elixida”.

Unha xornada completa e amena na que puidemos gozar do talento de moitos dos rapaces e rapazas do IES Val Miñor.



Un gran cambio por Lucas Tank, exalumno do IES

Hai máis de medio ano que vivo en Alemaña, concretamente en Baviera. Decidimos vir, entre outras cousas, porque ao meu pai lle ofreceron un traballo e á miña nai gustáballe moito a idea de facer unha pausa profesional e, por fin, aprender alemán. Ademais, era unha boa oportunidade para mellorar o meu alemán. A miña irmá quixo quedar en Galiza para acabar o bacharelato.

O colexio está situado nun complexo de tres edificios cun total de 3.500 alumnos. Cada edificio está destinado a un nivel de formación académica. Eu estou no nivel medio (Mittelschule) porque non quixen repetir curso. As clases empezaron o 15 de setembro, un día bastante frío. Fun a clase en bici; esta converteuse no meu medio de transporte diario; éo para a maioría da xente.

Cando cheguei a clase xa se estaban presentando todos e deime conta de que a maioría tiñan máis idade ca min; eu era o máis novo.

Aquí aos profesores, trátaselles de "vostede". Cando un profesor entra en clase, todos nos levantamos e saudamos.: "No nome da clase, bo día sr./sra. Profesor/a". Igual á hora de se despedir.

O segundo día xa sabía a onde tiña que ir, pero perdinme igual; cheguei ás 8:00 h. a clase, cando tiña que estar ás 7:55 h. A profesora mandoume ir a recepción para que anotasen o meu retraso.



Outra cousa que me chamou a atención foi a variedade de culturas que hai na clase, xente de: Turquía, Albania, Rusia, Filipinas, Chipre, Grecia e, por suposto, de Alemaña.

Despois dun mes decateime da importancia de ser puntual. Resulta que non é mentira o da puntualidade alemá e a súa rigorosidade: enviáronme a casa unha multa de dez euros da policía por chegar tarde a clase!!

Algo, tamén, fóra do común é a cantidade de crucifixos que hai, pois Baviera é moi católica. Hai crucifixos en cada clase, no comedor, no dentista, no pavillón de deportes e mesmo na piscina. Aínda así, sendo tan católicos tamén respectan a forma de pensar dos demais.

Agora, despois de medio ano aquí, doume conta do español que son, para ben e para mal. Tamén esta foi a primeira vez que escribo tanto en español* despois de sete meses e teño que admitir que me custa. É unha experiencia interesante pero tamén boto moito de menos a miña querida Galiza. Espero poder volver axiña, aínda que siga estudando aquí. Gustoume moito a idea de compartir a miña experiencia alemá cos meus compañeiros do Val Miñor.

Entrevista traducida ao galego pola Toubá do Brión

Galicul forte por Yoheli Rafael, 1ºESO B



Este medicamento pretende facer falar GALEGO á xente que o precisa e galeguiza aos que pensan tonterías sobre a lingua propia. Se ten algunha dúbida, revise un dicionario.

INDICACIÓNS: Ler libros en galego para poder falalo correctamente e para que funcione o medicamento.

COMPOSICIÓN: As palabras do galego, que son expresións diferentes pero sinxelas de aprender.

CONTRAINDICACIÓNS: Os teus amigos poden verte diferente ao cambiares de lingua.

PRECAUCIÓNS: O galego pode gustarche e quizais non deixes de falalo.

EFECTOS SECUNDARIOS: Podes chegar a ser máis culto; este medicamento pode espertar as túas ganas de aprender idiomas.

INTERACCIÓNS: Mellora a túa autoestima pois facilita a túa seguridade e fluidez ao falar galego.

POSOLOXÍA: Unha dose diaria pola mañá e outra pola tarde.

SOBREDOSE: En doses elevadas aumenta as ganas de falar a lingua propia.

REACCIÓNS: Combinado con outros estímulos (radio, prensa, televisión...) chegas a falar galego perfectamente.



Despedida de 2ºBAC



Que difíciles son as despedidas! Aínda que estas supoñan o inicio dunha nova etapa, un tempo que comeza con ilusión e, á vez, con incerteza.

Os alumnos de 2º Bac do curso 2014-2015 dixeron “adeus” aos seus anos de estudantes no instituto cunha mestura de entusiasmo, dúbida e melancolía. Pecharon un período con cantos, música, palabras e pranto. Laura Vilán e Teo De Francisco presentaron con mestría o acto, dando paso ás intervencións de alumnos e profesores que quixeron participar nel. Nieves Ibarra, Fernando Lahuerta, Chus Campos, Teresa Grande e Rodri dirixiron unhas palabras ao seu alumnado de bacharelato que pretendían ser consellos e expresións de ánimo. Brais Novoa amenizou o momento coa súa guitarra; alumnos como Lúa Álvarez, Eva Méndez, Noa Tank...

entre outros, cando subiron ao escenario, compartiron o seu sentir, os seus desexos de futuro e os recordos vividos nas aulas.

Rematou a tarde coa música e voces dos profesores Damián e Andrés, acompañados dos alumnos Gabriel Lamothe e Andrés Vilas. Antes, proxectouse un vídeo que recollía as vivencias desta promoción no seu percorrido pola secundaria e o bacharelato.

Unha despedida que, probablemente, quede para sempre no álbum da memoria destes xa mozos estudantes universitarios.

Ata sempre, queridos alumnos. Sabedes onde atoparnos. No IES Val Miñor seredes ben acollidos cada vez que vos apeteza volver.

Martes verdes Venres negros



Durante todo o curso o profesorado do noso instituto, integrado na Marea Verde do Val Miñor, amosou a súa desconformidade coa política de recortes en educación vestindo unha camiseta verde os martes e unha negra os venres con lemas alusivos á defensa do ensino público. Parte do alumnado tamén se foi sumando a esta protesta simbólica.

A nivel comarcal manifestámonos nun acto lúdico na Xornada de Aulas na rúa que tivo lugar no Centro Comercial da Ramallosa o sábado 13 de decembro onde houbo obradoiros varios.

Ademais participamos na marcha e na romaría que organizou a Plataforma da Marea e unimos a nosa voz á de tantos e tantos que esixiron, entre outras cousas, a dimisión do ministro Wert, causante dunha reforma que consideramos moi lesiva para a calidade do ensino público e que xa sufrimos directamente coa supresión das aulas de atención á diversidade, a falta de profesorado para atender a biblioteca e a improvisación á hora de implantar a nova lei en 3 cursos simultaneamente que provocou un caos monumental na organización do curso.

A finais do curso pasado realizouse a primeira das reválidas que establece a nova lei educativa, e a Marea manifestou nun documento as razóns que nos levaron a opoñernos a este sistema que pretende catalogar os centros seguindo uns criterios que non estimulan para nada o traballo de calidade, é máis, difícilano seriamente.

A Marea do Val Miñor está integrada na Marea estatal. Este verán participou nas Xornadas das Mareas pola Educación que tivo lugar en Madrid do 6 ao 8 de agosto. É dicir, estamos traballando activamente para mellorar a calidade do ensino público, que desde a Administración parece que pretenden desmantelar.

E seguimos incansables tratando de que a escola pública sexa garante de igualdade de oportunidades.

Sobre a reválida de 3º de primaria

A Marea Verde do Val Miñor considera que a reválida de 3º de primaria está pensada como un sistema de diagnóstico para clasificar os alumnos, e tamén os centros educativos. Pero os datos obtidos non se van usar para detectar os fallos metodolóxicos, será empregada como un instrumento discriminatorio que penaliza os centros con peores resultados, sen ter en conta a que son debidos (que o centro recolla un alumnado de contornos sociais desfavorecidos, alta porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais, grupos que requiren atención á diversidade para evitar o abandono escolar...; os recortes que estamos a sufrir fanse sentir precisamente máis neste ámbito). É dicir, este tipo de probas agudizará as desigualdades entre centros e concentrará a marxinalidade, o que non contribúe en absoluto a mellorar a situación de partida, que debería ser o obxectivo.



A nosa non é unha postura dogmática en contra de probas externas, pero para que estas contribúan á mellora da calidade do ensino teñen que ir acompañadas de medidas correctoras, e iso implica máis medios para os centros.

Tal e como se presenta, a reválida non potenciará a formación, senón unha carreira por preparar unhas probas nas que van ganar os bos, os centros que poden seleccionar o alumnado ou ubicados en zonas socialmente privilexiadas. Non é unha reválida para favorecer a igualdade de oportunidades, para que ninguén quede atrás.

Velaí porque non nos serve esta reválida.




As aulas, non son lugar para o cine?

Empezamos o curso proxectando nos recreos longos curtametraxes de breve duración que os alumnos de Obradoiro presentaban aos seus compañeiros. Foi unha actividade moi interesante, que gañaba protagonismo martes a martes. Algunhas veces tiñamos pouco público, pero outras veces quedabamos sorprendidos do aumento de [seguidor@s](#). Era unha maneira de acercarse ao cine, aos seus protagonistas, aos directores e tamén unha maneira de debater un pouco acerca dos valores que se recollían nestas cintas. Como por exemplo, nesta curtametraxe alemá gañadora dun festival de curtas en Europa no 2011, onde se conta que a forza do amor dalgúns pode expandirse e contaxiarse facendo un mundo máis agradable.

MARTES DE CURTAS 4 de Novembro. SALA DE USOS MÚLTIPLES ABRAZO (2004)

Realizado polo artista visual *Monkmus*. Música: *Badly Drawn Boy*



Pero nestas, a finais de decembro chega unha orde da Consellería lembrando que está prohibido reproducir integramente películas ou calquera outro material audiovisual. Parece ser que se poden difundir fragmentos, pero soamente durante a clase, non en actividades extraescolares. Esta orde deixounos estupefactos. Preguntámonos os motivos. Tiñan que ver cos dereitos de autor? Razoabamos que a reprodución parcial ou total dunha cinta con fins educativos verdadeiramente non pode molestar a un autor, pola contra, pensabamos que este deberíase mostrar agradecido porque potenciemos o uso do cine como ferramenta cultural de primeira orde, porque falemos da súa obra, e por tanto del, afagando o seu traballo, facendo que se estenda entre todos nós o gusto polo cine.

E as obras libres de dereitos que circulan por internet? Entendemos que as podemos reproducir, pero en realidade... estas cousas crean moita controversia e parécenos que é un absurdo, que a nosa intención é axudar aos autores para que teñan mais adeptos, non menos. En realidade é como se nos prohibisen falar dos libros cando non os mercamos.

O estado lamentable das nosas instalacións

A finais de curso 23 profesores enviamos á Consellería de traballo e benestar unha denuncia individualizada esixindo un informe técnico sobre as condicións de salubridade do noso edificio.



Con data 1 de setembro recibimos unha carta do Ministerio de Seguridade Social na que se constata, entre outras cousas:

- que o teito dos corredores e das aulas está formado por fibra de vidro que conforma un dobre teito aillante. Catalógase este material como un material carcinógeno de tipo 3 (*TRANQUILIDADE!!!! infórmase nos que isto quere dicir que non está testada a súa nocividade en animais nin seres humanos*). Dise o obvio: que está en avanzado estado de deterioro e que está catalogado como irritante dos ollos, pel e tracto respiratorio.
- que o edificio carece de cámara de aire, de xeito que as caixas das persianas funcionan como focos de entrada de aire que debilitan a resistencia dos paneis, o que provoca que se desprendan
- que as reixas de ventilación que no seu día se colocaron no lado oposto as ventás favorece que circule o aire polo falso teito e pode entenderse que funcionen como un sistema de dispersión ao ambiente de fibra de vidro
- que no patio posterior hai restos de fibrocemento e perfís de uralita en estado de deterioro, o que suxire a exposición ao risco de inhalación de fibra de amianto.



- que a Consellería de Educación como empresa debe proceder á avaliación de riscos no prazo máximo de tres meses.

E tal parece que sucedeu, que houbo avaliación de riscos, pero a día de hoxe aínda non sabemos das conclusións. Sabemos que de palabra houbo compromisos coa Dirección do Centro e as ANPAS para cambiar as placas deterioradas, supoñemos que inclúe o cambio da carpintería exterior -provocadoras das correntes de ar e despilfarradoras da enerxía que consumimos para ter calefacción.

Levamos moitos anos pedindo atención. Este Instituto leva 36 anos abandonado, e non parece que haxa présa por mantelo en condicións dignas para as múltiples actividades que nel se desenvolven. Este centro é un lugar de traballo dinámico onde varias xeracións da comarca reciben unha educación de gran calidade... O noso labor merece un edificio en condicións de salubridade, porque por máis que as paredes as vaíamos decorando e mellor moito a aparencia, a estrutura xa non é cousa nosa, dependemos da Consellería. Canto teremos que agardar para que acondicionen o instituto?



1ºESO A



1ºESO B



2ºESO A



2ºESO B



2ºESO C

Rakú significa felicidade, amistade, compartir, ...



rakú Nigrán

Xuntámonos todos cando saen as pezas do forno, incandescentes, sacadas con pinzas... mentres outros enchen de serriña os bidóns

Equipo de normalización lingüística do IES VAL MIÑOR